

## 1 obxecto

A sociedade, **R** cable y telecomunicacións Galicia S.A.U., en diante **R**, presta os servizos de telefonía fixa e móbil, internet de alta velocidade e televisión por cable, e ten decidido lanzar unha campaña comercial de captación denominada "promoción móbilR empresas 2T2 2019", en diante a Promoción Móbil, coas seguintes bases:

## 2 duración e ámbito

A Promoción Móbil levarase a cabo entre o 01/06/2019 e o 30/06/2019 para altas de liñas móbiles de clientes empresariais no ámbito xeográfico de España peninsular.

## 3 descrición da promoción móbil

A oferta de contratación do servizo de telefonía móbil de **R** baixo a promoción móbil é a seguinte:

- tarifa **móbilR** plana 50GB con chamadas ilimitadas e 50GB de datos con cota de 15,70€/mes (19€ con IVE), durante os doce primeiros meses; despois 32,23€/mes (39€ con IVE). Promoción exclusiva para novas liñas de **móbilR** con portabilidade en clientes con produto de só móbil.
- desconto do 50% na cota durante os 4 primeiros meses nas tarifas 150 3GB ou superiores de **móbilR**. Despois prezos según tarifas vixentes. Promoción exclusiva para novas liñas de **móbilR** con portabilidade en clientes con produto de só móbil.
- para novas altas de **móbilR** alta de liña, portabilidade e trámites de xestión da liña (envío de terminal e SIM) gratis. Prezo sen promoción 99,17€ (120 con IVE)
- portabilidade gratis (prezo sen promoción 24,79 € (30 con IVE))
- alta de liña gratis (prezo sen promoción 24,79 € (30 con IVE))
- cambios de SIM en caso de roubo ou perda teñen un coste de 4,96 € (6 con IVE)

## 3.1 prezo e tarifas móbil

A efectos informativos indícanse os prezos das tarifas por consumo e unidade de uso de **R** vixentes a 01/06/2019.

Os prezos indicados son válidos para consumos interpersoais a fixos e móbiles en territorio nacional e uso vinculado á finalidade do servizo descrito nas condicións xerais de contratación. Tarificación por segundos.

### tarifas móbiles

tarifa	chamadas	internet móbil	cota mensual
plana 100GB	ilimitadas*	100GB	57,02 € (69 con IVE)
plana 50GB	ilimitadas*	50GB	32,23 € (39 con IVE)
plana 20GB	ilimitadas*	20GB	23,97 € (29 con IVE)
plana 10GB	ilimitadas*	10GB	15,70 € (19 con IVE)
tarifa 200 5GB	200 min	5GB	13,22 € (16 con IVE)
tarifa 150 3GB	150 min	3GB	7,44 € (9 con IVE) + chamadas
plana 500MB	ilimitadas*	500MB	7,44 € (9 con IVE)
tarifa R 100GB <sup>(1)</sup>	ilimitadas*	100GB	32,23 € (39 con IVE)
tarifa R 50GB <sup>(1)</sup>	ilimitadas*	50GB	23,97 € (29 con IVE)
tarifa R 20GB <sup>(1)</sup>	ilimitadas*	20GB	15,70 € (19 con IVE)
tarifa R 10GB <sup>(1)</sup>	ilimitadas*	10GB	12,40 € (15 con IVE)
tarifa R 150 3GB <sup>(1)</sup>	150 min	3GB	7,44 € (9 con IVE)
tarifa meu 0 500MB <sup>(2)</sup>	0 cent/min + establec	500MB	2,48 € (3 con IVE)

Excesos voz: 20,66 cent/min (25 con IVE) + 24,79 cent establecemento (30 con IVE).

sms: 19,83 cent/sms (24 con IVE)

nas tarifas móbiles sen chamadas ilimitadas os consumos non están incluídos na cota da tarifa.

\*Chamadas ilimitadas: as chamadas incluídas son interpersoais, a fixos e móbiles, en territorio nacional e roaming zona 1, quedando excluídas as chamadas a 902, números curtos, rede intelixente, números pasarela, roaming en zona 2 e 3 e internacionais, tarificación adicional e servizos Premium. Límite por chamada 60 minutos, os excesos 20,66 cent/min (25 con IVE), 0 cent establecemento. Excesos en roaming zona 1 a 5 cent/min (6,05 con IVE) establecemento 0 €. Non permitida a revenda nin o seu uso en centrais ou liceas. Límite por chamada 60 minutos, os excesos de voz en territorio nacional 20,66 cent/min (25 con IVE) + 24,79 cent (30 con IVE) establecemento. Excesos en roaming zona 1 a 5 cent/min (6,05 con IVE) + 2,56 cent (3 con IVE) establecemento.

<sup>1)</sup> tarifas **R** so dispoñible para liñas adicionais se a primeira liña é unha tarifa plana 20GB ou superior (a primeira liña terá que ser igual ou superior ás tarifas **R**). No caso de baixa da plana 10GB ou superior, as tarifas **R** terán as seguintes cotas: tarifa **R** 100GB **R** 100GB 57,02 €/mes (69 con IVE); tarifa **R** 50GB 32,23 €/mes (39 con IVE); tarifa **R** 20GB 23,97 €/mes (29 con IVE) e tarifa **R** 10GB 15,70 €/mes (19 con IVE).

<sup>2)</sup>tarifa **meu** 0 500MB so dispoñible para liñas adicionais se a primeira liña é unha tarifa 200 5GB ou superior e contrata ou ten un combo ou un mambo con internet na mesma conta. No caso de baixa do combo, do mambo ou da tarifa 200 5GB ou superior, a tarifa **meu** 0 500MB pasará a valer 4,96 €/mes (6€/mes con IVE). Máximo 1 tarifa meu 0 500 MB por cliente.

Nas tarifas móbiles sen chamadas ilimitadas os consumos non están incluídos na cota da tarifa.

Alcanzado o límite de datos aplicaranse de forma automática aumentos de 1GB sobre o bono contratado cun importe de 4,13€ (5 con IVE) ata un máximo de 3 bonos

ao mes. Superados os 3 bonos, reducirase a velocidade a 8Kbps. Pode modificarse o comportamento na web de clientes ou app móbil.

## 3.2 plans de datos

### 3.2.1 internet comigo

servizo de internet comigo con ata 30GB de datos extra gratuítos, dispoñible para liñas de **móbilR** e que teñan ou contraten un combo, combo SEN ou mambo con internet. O cliente disporá dun bono de 15GB, para usar gratis dúas veces ao ano (dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro) en períodos de 15 días naturais; non se pode activar o segundo bono gratuítu ata que transcurran os 15 días do primeiro bono. Unha vez activado o bono non se pode parar nin pausar. Dispoñible en territorio nacional. Non é compatible coa suspensión do servizo do combo.

- outros bonos de datos dispoñibles:

bono internet comigo	cota
bono 3 días navegación (máx. 5GB de navegación)	4,13 € (5 con IVE)
bono 15 días navegación (máx. 15GB de navegación)	12,40 € (15 con IVE)
bono 30 días navegación (máx. 50GB de navegación)	20,66 € (25 con IVE)

### 3.2.2 plans internet móbil

plan	3GB	10GB	25GB	50GB
prezo	9,92 €/mes (12 con IVE)	20,66 €/mes (25 con IVE)	28,93 €/mes (35 con IVE)	37,19 €/mes (45 con IVE)

Plans de datos para a navegación con internet móbil de ámbito nacional.

Alcanzado o límite de datos aplicaranse de forma automática aumentos de 1GB sobre o bono contratado cun importe de 4,13€ (5 con IVE) ata un máximo de 3 bonos ao mes. Superados os 3 bonos, reducirase a velocidade a 8Kbps. Pode modificarse o comportamento na web de clientes ou app móbil.

### 3.2.3 bonos móbilR xigantes

bonos xigantes	cota
bono redes	4,13 € (5 con IVE)
bono gramola	4,13 € (5 con IVE)
bono fin de semana	4,13 € (5 con IVE)
bono claqueta	7,44 € (9 con IVE)

- bono redes: inclúe o tráfico de datos realizado a través destas aplicacións (incluído audio, fotos e vídeos): Whatsapp, Facebook, Instagram, Twitter, LinkedIn, Snapchat, Tinder, Flickr, Tumblr, Grindr, Badoo, Meetic, Periscope e eDarling.
- bono gramola: Inclúe as seguintes aplicacións: Spotify, Soundcloud, Apple Music, Deezer, Napster e Tidal.
- bono fin de semana: Inclúe o tráfico xenerado polo usuario durante os fines de semana (dende as 14:00 do venres ata as 23:59 do domingo)
- bono claqueta: inclúe as seguintes aplicacións: Youtube, HBO, Netflix Vimeo, Dailymotion, Youtube Kids, Vevo, Rakuten tv, Twitch, Amazon Prime Video e YouTube Gaming

Bonos dispoñibles para clientes cunha tarifa de **móbilR**, excepto coa tarifa plana 500MB e a tarifa 0 500MB. Estes bonos son incompatibles coa de multísimos de datos e coa suspensión temporal do servizo de **móbilR**.

Datos incluídos en roaming na UE: 5GB no bono claqueta e 3GB no resto.

Os bonos gigantes inclúen o tráfico de datos a través das aplicacións. O tráfico de datos a través das versións web das aplicacións non está incluído. Establecese unha política de uso razoable, que limita o volume dos datos do bono aos usuarios con patróns de consumos anómalos e/ou desmesurados: 50GB para o bono claqueta e 25GB para o resto.

As tarifas con bonos ilimitados non permiten a utilización de M2M, a compartición dos servizos de datos ilimitados entre diferentes dispositivos móbiles, nin a utilización da tarifa para un uso diferente do móbil. O cliente pode contratar e descontratar os bonos ilimitados no momento que elixa. En todo caso o cliente ten que pagar como mínimo unha cota mensual, non é prorrateable nin no alta nin na baixa. Máximo 4 bonos por liña.

## 3.4 módulos de aforro

nº 0.0
0 € a fixos e móbiles <b>R</b>
5 €/mes por número (6,05 con IVE)

Módulo números 0.0: máximo 5 números por móbil, compatible con todas as tarifas vixentes en **R**. Só se aplica en territorio nacional e para números **R** (fixos ou móbiles). Sen límite de minutos mensual, máximo 60 minutos por chamada, unha vez superado o límite tarificase segundo tarifa contratada.

## 4 perda das vantaxes da promoción

Se o cliente causa baixa despois do período de proba e antes do pagamento das cotas do terminal financiado, o cliente deberá aboar, no seu caso, os seguintes pagamentos por cada liña:

### 4.1 pagamentos por baixa anticipada sen terminal financiado

se o cliente solicitase a baixa do servizo antes de 3 meses (no caso de só sim sen promoción) ou antes de 4 meses (no caso de só sim con promoción), deberá abonar a **R** a cantidade de 120€ (sen IVE), reducida de forma proporcional ao tempo de permanencia restante do contrato.

#### 4.2 pagamentos por baixa anticipada con terminal financiado

se por calquera causa o cliente finaliza a súa relación contractual con R antes de finalizar o contrato de arrendamento financeiro do/s terminal/ais, seranlle esixidas a totalidade das cotas pendentes según prezo base bruto sen ter en conta a promoción á que se acolleu no momento da contratación.

#### 5 bases xerais

Ao termo do período de aplicación da promoción, aplicaráselle ao cliente, sen necesidade de comunicación previa, os prezos vixentes do servizo nese momento, que se atoparán publicados e actualizados en [www.tarifas.mundo-R.com](http://www.tarifas.mundo-R.com).

Todos os novos clientes, polo feito de participar nesta promoción, aceptan as presentes bases. Esta promoción comercial non é acumulable a outras ofertas e promocións. Bases elaboradas en maio de 2019.

A efectos de redondeo trabállase con 4 decimais en cargos e con 6 en tarificación de chamadas, que son redondeados a 2 decimais para facturación segundo a lei 46/1998.

Todas as condicións e produtos suxeitos a dispoñibilidade do Servizo.

Para máis información consulta [R.gal](http://R.gal) ou chama ao 1446.

**R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.U.**, Real 85 A Coruña (A15474281)

#### terminais móbiles

promoción de terminais vixente dende o **01/06/2019 ata o 30/06/2019**

financiamento do terminal durante 24 meses (1 terminal por liña, ata 3 liñas por cliente) non exhaustivo e suxeito a dispoñibilidade de stock en [mobil.mundo-R.com](http://mobil.mundo-R.com)

terminal	pago inicial	cota mensual	total	tipo SIM	prezo libre
iPhone Xs Max 256Gb space grey*	224,00 €	50,00 €	1.424,00 €	nanoSIM	1.425,00 €
iPhone Xs 256Gb space grey*	199,00 €	47,00 €	1.327,00 €	nanoSIM	1.329,00 €
iPhone XR 64Gb red*	87,00 €	32,00 €	855,00 €	nanoSIM	855,00 €
samsung S10+ branco*	199,00 €	44,00 €	1.255,00 €	2xnanoSIM	1.255,00 €
huawei P30 pro 256Gb aurora blue*	95,00 €	32,00 €	863,00 €	2xnanoSIM	859,00 €
huawei P30 pro 256Gb cristal*	95,00 €	32,00 €	863,00 €	2xnanoSIM	859,00 €
huawei P30 pro 256Gb negro*	95,00 €	32,00 €	863,00 €	2xnanoSIM	859,00 €
samsung S10 negro*	109,00 €	33,00 €	901,00 €	2xnanoSIM	899,00 €
samsung galaxy note 9 negro*	105,00 €	31,00 €	849,00 €	2xnanoSIM	849,00 €
huawei Mate 20 azul*	0,00 €	24,00 €	576,00 €	2xnanoSIM	575,00 €
huawei P30 128GB negro*	0,00 €	24,00 €	576,00 €	2xnanoSIM	575,00 €
iPhone seminuevo 7 128GB black *	0,00 €	18,00 €	432,00 €	nanoSIM	429,00 €
Samsung galaxy A70 negro	0,00 €	16,00 €	384,00 €		385,00 €
sony xperia 10 plus navy	0,00 €	15,00 €	360,00 €		359,00 €
huawei P30 lite Aurora blue	0,00 €	15,00 €	360,00 €	2xnanoSIM	359,00 €
Samsung galaxy A50 coral	0,00 €	14,00 €	336,00 €	2xnanoSIM	335,00 €
Samsung galaxy A50 negro	0,00 €	14,00 €	336,00 €	2xnanoSIM	335,00 €
Motorola One vision shapphire	0,00 €	12,00 €	288,00 €	2xnanoSIM	295,00 €
Xiaomi Mi 8 lite 64Gb Azul	0,00 €	10,00 €	240,00 €	2xnanoSIM	239,00 €
Honor 20 lite 128GB negro	0,00 €	10,00 €	240,00 €	2xnanoSIM	239,00 €
Honor 20 lite 128GB azul	0,00 €	10,00 €	240,00 €	2xnanoSIM	239,00 €
LG Q60 azul	0,00 €	9,00 €	216,00 €	2xnanoSIM	215,00 €
huawei P Smart 2019 negro	0,00 €	9,00 €	216,00 €	2xnanoSIM	215,00 €
Samsung Galaxy A20e 32Gb Negro	0,00 €	8,00 €	192,00 €	2xnanoSIM	189,00 €
LG K40 32Gb azul	0,00 €	6,00 €	144,00 €	2xnanoSIM	139,00 €
Xiaomi Redmi 6 32Gb Negro	0,00 €	6,00 €	144,00 €	2xnanoSIM	139,00 €
Honor 8A azul	0,00 €	5,00 €	120,00 €	2xnanoSIM	119,00 €
alcatel 3026x silver	0,00 €	2,00 €	48,00 €	SIM	49,00 €
alcatel 2008G prata	0,00 €	2,00 €	48,00 €	SIM	49,00 €
Samsung Tab A 10,1" 32gb wifi negro	0,00 €	8,00 €	192,00 €		189,00 €
Mifi MW40	0,00 €	3,00 €	72,00 €	SIM	69,00 €
alcatel IK40V 4G (branco)	0,00 €	2,00 €	48,00 €	SIM	46,00 €

\* clientes máis de 2 meses de antigüidade

## Velocidades de acceso a internet en tecnoloxía móbil

Información sobre a velocidade de internet en Telefonía Móbil

	Velocidade Anunciada (Mbps)		Máxima velocidade conseguida (Mbps)	
	Downlik	Uplik	Downlik	Uplik
<b>3G</b>	16	8	16	8
<b>4G</b>	75	25	75	25

R publica as velocidades aplicables ás distintas modalidades de acceso a Internet no apartado de Tarifas que forma parte do contrato subscrito polo CLIENTE.

En relación ás devanditas velocidades publicadas, comunícase que os factores relevantes que poden limitar a velocidade que o CLIENTE poderá experimentar ao usar Internet, son os seguintes:

#### A) FACTORES SOBRE OS QUE O OPERADOR TEN CONTROL:

A interrupción ou degradación do servizo como consecuencia de operacións de mantemento de rede durante o tempo imprescindible para a realización das mesmas.

#### B) FACTORES ALLEOS AO OPERADOR:

- Tecnoloxía de acceso (2G, 3G, 4G) que esté dando cobertura e a banda de transmisión.  
A tecnoloxía de acceso (4G, 3G o 2G) vai determinar cal é a máxima velocidade obtida, independentemente do resto de factores.  
Asimismo, en frecuencias baixas (banda 800MHz) a propagación das ondas radioeléctricas é mellor, e conséguense mellor cobertura dentro dos edificios e tamén mellores velocidades de acceso a internet desde o móbil.  
Doutra banda as frecuencias máis altas (2600MHz) teñen maior capacidade, aínda que a propagación é peor, co que empeora a cobertura en interiores.
- Distancia á antena.  
A distancia respecto da antena tamén afecta á velocidade máxima que se pode conseguir, diminuindo ao afastarse da antena.
- Cantidade de usuarios conectados de forma simultánea á antena que dá o servizo.  
A capacidade máxima da antena compártese entre todos os usuarios conectados á mesma. Desta forma, a maior número de usuarios conectados usando o servizo de forma simultánea, diminúe máis a velocidade experimentada.
- Tipo de servizo utilizado polo resto de usuarios.  
A rede móbil debe distribuír a súa capacidade entre todos os usuarios que se conectan á vez tamén en función do tipo de servizo que demandan. Non se necesita a mesma capacidade da rede para enviar unha mensaxe de texto por unha aplicación de mensaxería, que para facer unha videoconferencia. En consecuencia o modo en que os usuarios utilizan o servizo acaba afectando á velocidade do resto de usuarios conectados nese momento.
- Movemento do usuario.  
Atoparse en movemento tamén afecta á velocidade experimentada, producíndose unha maior baixada da velocidade cando aumenta a velocidade. Desta forma a baixada é inferior camiñando e incrementáase ao moverse dentro dun coche. Capacidade do terminal ou do dispositivo utilizado polo usuario do servizo.
- A tecnoloxía do dispositivo deberá ser compatible coa da antena á que se atopa conectado. Desta forma, se o dispositivo ten só tecnoloxía 3G non poderá alcanzar a velocidade facilitada pola tecnoloxía 4G.  
Así mesmo, a calidade da antena do dispositivo do CLIENTE tamén afecta á velocidade experimentada.
- Condicións xeográficas (incluído localización en interiores, garaxes, muros, ...)  
A situación do usuario e os obstáculos físicos que existan entre o mesmo e a antena afectan á velocidade experimentada.
- Condicións climatolóxicas.  
Dada á natureza inalámbrica do servizo algunhas inclemencias climatolóxicas poden afectar na propagación do sinal.